

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 16 OUTUBRO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezaseis de Outubro de dous mil seis; as doce e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luísa del Carmen Escudero Centron e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 9 de Outubro do dous mil seis (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

LICENZAS OBRAS MAIORES.-

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

EXPTE. Nº: RIB/N/35.3/06.

A PROMOCIONS LAMEIRO GRANDE S.L., con domicilio na rúa Ribeiro nº 68, 1ºD, desta Vila, para levar a cabo as obras de demolición de edificio e nave sita na rúa Muñoz Calero nº 17, que se realizarán segundo o proxecto redactados polos arquitectos D. José Luís Babarro Lago e D. José Ramón Rodríguez-Novoa González.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Demolición de edificio e nave.

Contía na que se orzan as obras: 9.815,94 euros.

Situación e emprazamento das obras: Rúa Muñoz Calero nº 17.

Redactor do proxecto e dirección execución material das obras: D. José Luís Babarro Lago e D. José Ramón Rodríguez-Novoa González.

Nome ou razón social do promotor: Promociósn Lameiro Grande S.L..

Prazos: O prazo de inicio das obras é de seis (6) meses e o prazo de remate de un (1) ano, a contar dende o día seguinte ó da notificación da concesión da licenza de obras.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Tendo en conta que con data 09.10.06, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a contía de 255,21 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 9.815,94 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, coincidindo a contía coa xa aboada.

Outras condicións: Consta Estudio Báisco de Seguridade e Saúde redactado polos arquitectos D. José Luís Babarro Lago e D. José Ramón Rodríguez-Novoa González, sendo a Coordinación en materia de seguridade e saúde a cargo dos citados arquitectos. Dado que no punto 2.4. Medidas de protección colectiva con respecto a terceiros non intervincentes na obra da Memoria do proxecto faise referencia a execución dun valado separado da fachada alomenos 1,50 m., antes da súa colocación deberá solicitar informe a Policía Local os efectos de condicións de ocupación de vía pública.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

Non houbo.-

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

- “Do Director Xeral de Orzamentos, relativo a proposta de retención no expediente de compensación de débedas tramitada pola Mancomundiade I.V. do Ribeiro”.

- “Da Deputación Provincial de Ourense, comunicando altas no servizo de teleasistencia domiciliaria”.

- “Da Dirección Xeral de Formación e Colocación , Resolución de data 5 de outubro pasado, resolvendo a solicitude de accións formativas do Plano FIP”.

-“Do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense, comunicando Auto relativo a recurso contencioso-administrativo núm.. 315/06-A”.

-“ Da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, Resolución concedendo unha subvención de 4.600 euros para a realización de actividades culturais”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 3º TRIMESTRE DO 2006.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 3º trimestre do 2006, por importe de 43.856,23 euros, tarifa de depuración por importe de 8.429,23 euros, máis 3.665,35 euros de IVE, resultando un total de 55.950,81 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 3º trimestre do 2006, por importe de 18.213,75 euros e o Canon de saneamento da Xunta, por importe de 15.812,45 euros.- Acorda tamén a Xunta de Goberno Local sinalar coma período de cobranza voluntario dos servizos anteriormente referidos entre os días 1 de Novembro e 15 de Decembro do 2006.-

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERIA DE POLITICA TERRITORIAL, OBRAS PUBLICAS E TRANSPORTES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBADAVIA PARA A POSTA EN SERVIZO DA ESTACION DE AUTOBUSES DE RIBADAVIA.-

Visto o escrito remitido pola Dirección Xeral de Transportes con de data 10 de outubro pasado, rexistro de entrada num 4750 de data 13 de outubro relativo a Convenio para a posta en Servizo da Estación de Autobuses de Ribadavia ,a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, acorda os seguinte:

PRIMEIRO.- Prestar a aprobación o Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras e Transporte e o Concello de Ribadavia para a posta en servizo da Estación de Autobuses de Ribadavia.

SEGUNDO.- O compromiso de posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios para a normal execución das obras de urbanización de acordo coa normativa urbanística recentemente aprobada.

TERCEIRO.- O compromiso de outorgar os correspondente permisos e autorizacións necesarias para levar a cabo estas, unha vez presentado no Concello o correspondente proxecto.

CUARTO.- A obriga de asumir, unha vez recibidas as obras de urbanización e previa comunicación da Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, o mantemento e conservación das mesmas asumindo, así mesmo, as obrigas económicas que, no seu caso, se deriven do acordo de cooperación mediante a súa inclusión nos seus respectivos orzamentos.

QUINTO.- O compromiso expreso de facer renuncia a cálquela clase de tributo ou taxa pola execución das obras de urbanización.

SEXTO.- Dar conta do presente acordo na primeira sesión plenaria que se celebre.

APROBACION DE PROXECTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o proxecto modificado da obra denominada “Acondicionamento da praza do Cruceiriño en Francelos”, cun orzamento de execución de 0,00 euros, redactado polo enxeñeiro Técnico Agrícola, Don Manuel B. Fernández Somoano.

INCOACIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN ORDENANZA MUNICIPAL DE LIMPEZA.

Visto o parte da policía local de data 13 de outubro de 2006 no que se comunica ao Sr. Alcalde a comisión o día 13 de outubro pasado, dunha serie de feitos constitutivos recollidas no artigo 7 apartados 1.A e artigo 43 I) (faltas leves) da Ordenanza de Limpeza do Concello de Ribadavia, por dona Marisa Martín Vega, con domicilio na rúa Banda Lira nº 10, 1º, desta Vila.

Tendo en conta que a competencia en materia de sanción por infracción de ordenanzas municipais corresponde a Xunta de Goberno en virtude de delegación da Alcaldía de data 16 de xuño de 2003.

Tendo en conta o disposto no artigo 13 do RD 1398/1993, de 4 de agosto, regulamento do procedemento para o exercicio da postestade sancionadora, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- A iniciación do procedemento sancionador en base os feitos anteriormente descritos por presunta infracción, por dona Marisa Martín Vega do artigo 7 apartados 1 da Ordenanza de Limpeza do Concello de Ribadavia, sendo a sanción prevista para estes supostos a de multa de 90,15 euros.

Segundo.- Nomear como instrutor do Procedemento o Concelleiro de Servizos Municipais, don Ignacio Gómez Pérez, e como Secretario do procedemento ao do Concello, que poderán se obxecto de recusación segundo o disposto no artigo 29 da Lei 30/92 , do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro).

Terceiro.- Conceder aos interesados un prazo de 15 días, contados a partires do seguinte ao de notificación deste acordo, para achegar, por escrito, cantas alegacións, documentos, informacións ou propostas de proba, estime convintes para a defensa dos seus dereitos.

Cuarto.- Advertir ao interesado que conforme o artigo 13.2º do RD 1398/1993, de non efectuar alegacións no prazo anterior, este acordo de iniciación poderá ser considerado proposta de resolución, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do RD.

Quinto.- Comunicar o presente acordo ao instrutor e ao interesado, indicándolle que o prazo máximo para ditar resolución é de seis meses a partir da data do acordo de incoación, segundo o establecido no artigo 20.6 do RD 1398/1993. De non ditarse resolución no devandito prazo producirase a caducidade do expediente.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo a unha e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.